

O NACEMENTO DA FILOSOFÍA: PRESOCRÁTICOS, SOFISTAS E SÓCRATES

1. Introducción á historia da filosofía

1.1 A universalidade dos problemas aos que se enfrenta

Como empezou todo? Cal é a orixe do mundo, do universo? Que hai despois da morte? Que poido coñecer? Que é a verdade? Por que obedezo as normas? Se algunha vez te fixeches estas preguntas, estás achegándote á filosofía. Esta non é un saber so de eruditos, senón unha actividade ou actitude natural do ser humano, a pouco que nos paremos a pensar na vida e nos mesmos.

A filosofía procede etimoloxicamente da palabra grega **Φιλοσοφία** (amor á sabedoría), e podemos definila como un conxunto de reflexións e coñecementos en busca das primeiras causas e fins últimos das cousas, como sinalaba Aristóteles no seu primeiro libro da *Metafísica*. Nace nun primeiro momento como unha “actitude intelectual”, que guiada pola razón, dende o rigor lóxico e a correspondencia con aquilo que vemos, abre o camiño a unha nova forma de explicar a natureza, e todos os interrogantes que se lle presentan ó home sobre si mesmo e o mundo que percibimos.

Esa actitude filosófica – de amor á sabedoría – abriu, o longo da súa historia, o camiño a outros saberes humanistas e científicos de vital importancia para a humanidade. Hoxe en día a filosofía converteuse nunha “*disciplina académica*” – sen deixar de ser a actitude orixinal de búsqueda do saber – que, apoiándose nesas mesmas ciencias humanas e naturais especializadas que fomentou, segue tratando de “construír” unha idea da verdade do mundo e o home, que explique ou nos permita comprender a vida.

Esta búsqueda, non é privativa dunha cultura ou civilización. É un anhelo e tarefa ó longo da historia do ser humano no seu conxunto, que dende distintas tradicións, experiencias ou cosmovisións, formulou múltiples respostas ou sistemas filosóficos. A filosofía grega occidental é unha máis. Culturas orientais como a India, China, ou Xapón, tamén desenvolveron tradicións filosóficas e relixiosas milenarias, que chegan ós nosos días. A filosofía, polo tanto, lexitímase nesa actitude cara o coñecemento e a búsqueda dun saber universal, por encima das propostas particulares de cada cultura ou ciencia, e no carácter universal dos interrogantes que se lle presentan ao home.



Ilustración 1. A morte de Sócrate (Jacques – Louis David 1787)

1.2 A historicidade das concepcións filosóficas

O ser humano é un ser histórico, en contraposición ao resto dos seres naturais que non teñen posibilidade de cambios. Sen embargo, o ser humano estase “*facendo*” constantemente a si mesmo. Este é o carácter histórico do home: un ser inacabado.

Segundo Ortega e Gasset, a vida so se volve un pouco “*transparente*” ante a razón histórica. A historia, convertese así, nun factor de intelixibilidade, comprensión e explicación da realidade do home. Por esta razón todo sistema ou concepción filosófica so adquire pleno sentido dende a perspectiva histórica das diferentes correntes e propostas feitas ó longo do tempo.

A historia da filosofía é un reflexo da historia da vida humana e do modo de pensar en cada época. Diversos autores, en diferentes épocas, acércannos a unha realidade e problemática, que aínda pasadas, axúdannos a comprender o noso presente.

1.3 Os métodos de traballo na historia da filosofía

Ao longo desta Historia da Filosofía iremos descubrindo como as distintas teses e concepcións filosóficas ó longo da historia, sempre tratan de responder a problemas históricos que avanza, moitos deles, ó longo dos séculos do pensamento humano.

A filosofía, ó igual que outras disciplinas, dende o seu inicio hasta os nosos días, foi propoñendo distintos métodos de análise, formulación e defensa das súas teorías, cada un dos cales responde á un modo de entender o obxecto da filosofía e un uso das ferramentas de coñecemento: os sentidos e o entendemento.

Dende Sócrates á filosofía contemporánea podemos destacar os seguintes métodos:

- **Método dialéctico.** A palabra dialéctica procede da palabra grega “*dialectikós*”, que significa diálogo ou conversación. A dialéctica é a arte da argumentación por medio da palabra nun proceso discursivo ata chegar a un acordo. É a maneira de chegar á verdade mediante a discusión e debate de opinións, tratando de descubrir contradicións nas argumentacións que se expoñen. A dialéctica foi o método empregado por **Platón** no século IV a. C. que, inspirándose na **maieutica socrática**, consiste nun proceso discursivo que vai elevándose dun nivel de ideas inferiores hasta outro de orde superior. Nun sentido máis amplo a dialéctica consiste en contraponer ideas ou enunciados ben fundamentados segundo os principios da lóxica a outros igualmente fundamentados, hasta chegar a conclusións que superen as contradicións que puidera haber nas argumentacións. Na Idade Media constituíse en disciplina metodolóxica e propedéutica doutros saberes. No século XIX a dialéctica adquiriu sentido propio no ámbito da filosofía alemán con **Hegel e Marx**.
- **Método empírico – racional.** Este método ten a súa orixe en **Aristóteles** (S.IV a.C.) e afirma a existencia de dúas fontes de coñecemento válidas: a sensible (os sentidos) e a intelixible (o entendemento ou razón). Consta de dous pasos: o momento empírico, que consiste na obtención de datos da experiencia a través dos sentidos e o segundo momento – racional – no que o entendemento “abstrae” o que é común, esencial ou universal a partir dos datos sensibles. No ámbito da filosofía servirá para atopar as últimas causas do que existe (do ser). Este método perdurou hasta os nosos días. O método de observación e



contrastación propio das ciencias empíricas susténtase neste principio metodolóxico formulado por Aristóteles, e que hoxe denominamos método indutivo.

- **Método racionalista.** Mentres os empiristas remiten a orixe e veracidade do coñecemento á experiencia, os racionalistas depositan a súa confianza e certeza dos nosos coñecementos na razón. **Só a través da razón podemos atopar verdades universais** que non estean suxeitas á eventualidade do singular e concreto. As nosas ideas máis “claras” e “distintas”, evidentes e certas son as que proceden da razón, as **ideas innatas**. As que proceden dos sentidos son confusas e incertas (influencia platónica).

A razón constitúese polo tanto en fonte e criterio do coñecemento. Só aquelas ideas que a razón descubre en si mesma se poden converter en principios ou máximas que serven de fundamento a todas as ideas resultantes da reflexión e a observación. Curiosamente, moitos dos filósofos racionalistas foron a súa vez matemáticos e esta disciplina non se fundamenta na experiencia, senón que é un sistema axiomático onde a partir dun postulados ou principios “intuitivamente evidentes” se demostran ou derivan o resto dos teoremas. Ex.: a Xeometría Euclidiana. O racionalismo como método procede dun modo dedutivo, é dicir, vai do universal ó particular, dende enunciados que se toman como certos xustifícanse ou demóstranse os enunciados particulares. O Racionalismo clásico apareceu na Idade Moderna (séculos XVII – XVIII) e os autores máis destacados son **R. Descartes, B. Spinoza e G.W. Leibniz**.

- **Método empirista.** Este método, contrariamente ó anterior, separa claramente as dúas fontes do coñecemento, por un lado a razón e por outra a experiencia que é a orixe e límite do mesmo. A razón é a fonte adecuada para as ciencias formais – lóxica e matemáticas – porque as súas proposicións son verdades de razón, é dicir, que a súa verdade depende da evidencia e coherencia das mesmas, pero son independentes da experiencia. Ex.: “Tódolos triángulos teñen tres ángulos” Pola contra as ciencias naturais e sociais constrúense con enunciados cuxa certeza depende da comprobación empírica, única fonte de coñecemento posible. Son verdades de feito. Ex.: “Tódolos corvos son negros”. O método sérvese da indución para ir do particular ó universal, pero sempre está aberto á incorporación de novas observacións e as súas xeneralizacións teñen un carácter probable. Non hai verdades definitivas ou absolutas dende a óptica empirista (nunca poderemos estar seguros de que non apareza un corvo negro), só probables.

Os autores mais destacados do empirismo son **J. Locke, G. Berkeley e D. Hume** (séculos XVII e XVIII).

- **Método Transcendental ou Crítico.** O seu creador foi **E. Kant** (1724 – 1804). Este filósofo da Ilustración tratará de ver que condicións fan posible a ciencia e se a metafísica podería ser tamén unha ciencia. Non acepta o dogmatismo dos racionalistas (hai verdades absolutas que son independentes da nosa sensibilidade, dado que a razón as descubre por si mesma – O todo é maior que as partes -), pero tampouco se resigna ó escepticismo dos empiristas cando din que non hai unha soa verdade absoluta e que todas teñen un carácter probable, como xa dixemos. Esta situación lévoa a desenvolver unha filosofía crítica que trate de descubrir que condicións empíricas (dos sentidos) e que condicións transcendentais (do entendemento) fan posible a ciencia. Igual que Aristóteles, Kant considera que todo coñecemento comeza coa experiencia e que o entendemento (razón) organiza e abstrae o común, universal deses datos aportados pola sensibilidade. Pero mentres Aristóteles e toda



a tradición epistemolóxica posterior depositaba a razón da universalidade no obxecto, Kant fai un **xiro copernicano** é traslada o carácter universal do noso coñecemento ás **condicións transcendentais do suxeito**. (Non vemos as cousas tal e como son en si mesmas, senón tal e como son para nós)

En resumo, non todo procede da razón nin tampouco dos sentidos, o suxeito non se limita a reflexar a realidade coma se fora un espello, senón que a súa razón organiza os datos da experiencia coa axuda das condicións transcendentais que son as que explican que eses coñecementos teñan un carácter universal. Ex.: Todo o que percibimos a través da sensibilidade encaixámolo nunhas coordenadas espaciais-temporais, é dicir, “situámolo” nun espazo e nun tempo. Este espazo e tempo serían as condicións transcendentais da sensibilidade. Desta maneira E. Kant tende unha ponte entre o racionalismo e o empirismo.

- **Método fenomenolóxico.** A fenomenoloxía é un movemento filosófico de século XX que aspira ó coñecemento dos fenómenos, entendidos estes non como o que se nos aparece os sentidos, senón que os fenómenos son as cousas tal e como se mostran á nosa conciencia. Por iso a intuición é a fonte fundamental de coñecemento. En síntese o método fenomenolóxico consistirá en examinar todos os contidos da conciencia e determinar cales deses contidos son reais, cales ideais e cales imaxinarios. A fenomenoloxía non presupón nada: nin o sentido común, nin o mundo natural, nin as proposicións científicas, nin as experiencias psicolóxicas. Colócase antes de calquera crenza e todo xuízo e simplemente “explora o dado”. Un estudio fenomenolóxico é o que trata de comprender as percepcións da xente, perspectivas e interpretacións dunha situación particular ou dun fenómeno. Non parte dunha teoría previa, senón da análise descritiva das experiencias compartidas, como por exemplo o significado do estrés para unha persoa sometida a unha forte esixencia laboral, ou a calidade de vida con unha enfermidades como ó cancro, etc..O fundador da fenomenoloxía foi o alemán **Edmund Husserl** (1859 – 1938).
- **Método analítico-lingüístico.** A pretensión dos representantes do método analítico-lingüístico é liberar á filosofía da especulación metafísica. Por iso o papel da filosofía consistirá en analizar a linguaxe e desvelar todos aqueles usos confusos da mesma. Este método so distingue dous tipos de proposicións: as empíricas, que son sintéticas e refiren a realidade e as lingüísticas, que son analíticas e refírense á propia linguaxe. As primeiras son propias das ciencias positivas, e as segundas son propias da filosofía. Non corresponde á filosofía facer xuízos sobre o mundo, isto é tarefa da ciencia, só lle corresponde a análise da linguaxe que usamos para describir o mundo e desentrañar os usos incorrectos do mesmo. Este método xurde vinculado á filosofía analítica nos albores do século XX. Algúns dos representantes mais destacados foron: **Bertrand Russell** (1872 – 1970) , **Ludwing Wittgenstein** (1889 – 1951) e **G. Edwar Moore** (1873 – 1958).
- **Método Hermenéutico.** A palabra hermenéutica provén do vocable grego **ἑρμηνεύειν**, que significa interpretar, esclarecer. De aí que a hermenéutica sexa un método que trata de interpretar os textos, para determinar o significado exacto das palabras coas que expresamos un pensamento. A realidade non é mais que un conxunto herdado de textos, relatos, mitos, narracións, crenzas e institucións que fundamentan o noso coñecemento do que é o mundo e o home. A hermenéutica intenta descifrar o significado detrás das palabras e incluso a exexese do texto ou palabras que configuran a nosa interpretación da realidade. Loxicamente este método cobra pleno significado na análise das ciencias sociais ou

humanas onde os conceptos ou discursos teñen un sentido referido o contexto cultural ou histórico. **Wilhelm Dilthey** (1833 – 1911) e **Hans G. Gadamer** (1900 – 2002) son dous destacados pensadores da hermenéutica.


2. O xurdimento da F^a occidental en Grecia: o paso do mito ó logos

2.1 Introducción

Dende as súas orixes, a filosofía foi unha explicación da realidade diferente do mito, a maxia, a relixión ou a arte, formas de saber coexistentes e predominantes ata ese momento na cultura grega. O saber filosófico marca a transición dende os estadios iniciais do saber aos máis avanzados. Isto aconteceu na Época Arcaica da civilización grega, arredor do século VI a. de C.

Hai diversas razóns históricas que favorecen a aparición da filosofía en Grecia:

- A consolidación da *polis* ou cidade-estado, propicia o paso dunha sociedade rural e agraria a outra urbana e mercantil. Este cambio fai que perdan forza as concepcións mítico-relixiosas do mundo, e xurdan esixencias de explicacións causais e racionais, nas que basear o desenvolvemento técnico, industrial e bélico.
- A ausencia dunha tradición relixiosa dogmática de textos revelados, e dun sacerdocio estable que garantira e mantivera a ortodoxia doutrinal, o que permite a convivencia pacífica de distintas crenzas relixiosas, e ademais elimina un obstáculo evidente para a actividade racional ou filosófica.



- A carencia dunha tradición educativa ou académica regularizada, crea nas *polis* un baleiro institucional que é necesario completar. A filosofía ocupará, en boa medida, ese lugar.
- A sociedade escravista grega permite a aparición duns pensadores vinculados ás clases dominantes, cuxa actividade é exclusivamente a investigación teórica. A actividade filosófica é filla da ausencia de necesidades materiais, do ocio e do tempo libre duns homes adicados á pura actividade especulativa.

PHYSIS

O pensamento grego desenvólvese dende as seguintes coordenadas:

SER (o permanente)

DEVIR (o que cambia)

2.2 O nacemento da filosofía como paso do mito ó logos

O mito é un conxunto de relatos imaxinarios e simbólicos sobre os deuses, o mundo e o home. A conciencia mítica é unha etapa do coñecemento humano, unha actitude intelectual, que reúne as seguintes características:

- a) No mito os fenómenos explícanse por medio de forzas personificadas (**antropomorfismo**) e divinidades (**animismo**). Posiblemente isto é o resultado da actitude admirativa do home ante os grandes acontecementos da natureza.
- b) Os acontecementos naturais dependen de forzas que escapan ao control humano: son imprevisibles, acontecen de forma arbitraria e están rexidos por un propósito descoñecido (**indeterminismo**).
- c) O mito alude veladamente ao descoñecido mediante a metáfora. Mostra simbolicamente o sentido dos grandes misterios do cosmos, interpreta alegoricamente os ciclos naturais e biolóxicos, a orixe do home e a sociedade. O mito encerra dende os seus comezos un claro xerme literario.

A transición da conciencia mítica (mitos) á explicación racional (logos) comeza cando a idea de arbitrariedade (**caos**) é substituída pola dunha **orde causal** no mundo (**cosmos**) que a razón humana pode descubrir. A explicación racional xorde cando o home grego busca o fundamento dos feitos naturais noutros feitos naturais que rexen regularmente os fenómenos (realismo).

Ao carácter “irracional” do mito opónse a explicación racional do logos. A arbitrariedade dá paso á causalidade, a indeterminación á regularidade, o caos a orde e constancia do mundo. Este conxunto de conviccións da filosofía grega poden parecernos evidentes na actualidade, porque somos os herdeiros directos deste extraordinario legado cultural. Este cambio abriu o camiño da ciencia moderna tal e como a coñecemos hoxe.

Supuxo o nacemento da filosofía que o mito quedou xa superado definitivamente, como modelo explicativo do eido cultural moderno? En absoluto, o mito segue presente nos nosos días. Aquelo que a ciencia non é capaz de explicar ou demostrar empiricamente, segue sendo un terreo aboado para o mito, é dicir, a explicación baseada na imaxinación e a fantasía. Fenómenos como a relixión, o ocultismo ou a bruxería, seguen a ter predicamento na actualidade. En Galicia non fai moito aínda se aceptaba como explicación “verosímil” a existencia das meigas (habelas hainas.), santa compañía, mal de ollo, etc.

2.3 Os presocráticos

O primeiro obxecto de explicación da filosofía grega será a natureza (Physis), realidade material que permanece en constante proceso de cambio e está presente ou se manifesta en todos os seres. A natureza é o substrato universal do que xorden, do que constan e ao que retornan todas as cousas. Physis é un substantivo que procede dun verbo grego que significa producir, ou ben nacer, xermolar, xurdir...

Os Presocráticos, denominados así por ser os filósofos anteriores a Sócrates, razoaron sobre a natureza (Physis) dende as categorías especulativas de fenómeno: “o que percibimos polos sentidos”, e **principio ou arkhé**: “**orixe ou fundamento**”. Para os Presocráticos o coñecemento da natureza comeza coa imaxe cambiante que nos ofrecen os sentidos (os animais e plantas nacen e morren; as estacións do ano cambian, etc.). Non obstante, esta diversidade aparente da materia

está sometida a un principio, fundamento ou comezo, o arxé, que foi utilizado polos primeiros filósofos para referirse ao elemento primordial do que está composta e do que deriva toda a realidade material e que é cognoscible pola razón, que confire a unidade ó múltiple.

No seu intento por explicar a natureza, os filósofos Presocráticos deron variadas solucións físicas, matemáticas ou metafísicas á interpretación do principio último dos cambios naturais (Arxé). Imos referirnos brevemente a elas.

a) **A Escola de Mileto.** O primeiro foco organizado da filosofía en Occidente localízase na colonia grega de Mileto (Costa Jonia - costa Este da actual Turquía) no século VI a. de C. Os milesios foron os primeiros en descubrir que a natureza pode ser explicada mediante causas físicas. Os principais filósofos milesios son os seguintes:

- **Tales de Mileto** (S. VI a.C.) considerado o iniciador da especulación científica e filosófica grega, autor dos teoremas xeométricos que levan o seu nome, e considerado na antigüidade un dos sete sabios de Grecia, sostivo que o principio e orixe de todas as cousas que existen (arkhé), de toda vida, é a **auga**. (os cosmólogos modernos, o primeiro que buscan nun exoplaneta é auga).
- **Anaximandro de Mileto** (discípulo de Tales). Escribiu unha obra titulada *Sobre a natureza*. Para Anaximandro o principio ou arkhé non é un elemento material concreto senón abstracto, o **ápeiron**, que significa o ilimitado, inmenso...É a materia indeterminada e sen forma, da cal xorden todos os seres e nela se disolven tras o seu fin.
- O terceiro milesio destacado foi **Anaxímenes**. (Mileto 585 a.C.) Discípulo de Tales, dirá que o arkhé é o **aire**; esta sustancia transfórmase nas demais cousas a través da rarefacción e condensación.

b) **Os Pitagóricos.** O seu representante máis coñecido, quen dá nome á Escola, é Pitágoras (Samos, 569 a.C.) Mentres a Escola de Mileto atopara o principio constitutivo dos seres en algo físico, os Pitagóricos substitúen ese principio material por un principio máis abstracto ou formal: **os números** (aritmética) e as figuras (xeometría). O principio racional que ordena a natureza son as relacións cuantitativas e susceptibles de formularse matematicamente. Así a natureza réxese por harmonías matemáticas, que a explican en profundidade. Todo ten unha orde matemática.

c) **Heráclito de Efeso.** (S.V a.C) naceu en Éfeso, cidade da Xonia, costa occidental de Asia Menor (Turquía). Afirmar que o testemuño dos sentidos amósanos unha natureza en permanente proceso de **cambio**. O mundo é un fluír constante e irreversible dos seres. O elemento material do que todo nace e ao que todo retorna é o **lume**. Agora ben, o cambio material non é azaroso nin arbitrario, senón que está sometido a unha orde interna que Heráclito identifica co **Lógos**, a razón ou lei universal de todo. Hai, pois, un dobre principio ou arkhé, material (lume) e abstracto (lógos).

Debate Heráclito - Parménides

Heráclito → O Cambio
Parménides → O ser

Platón: dualismo ontolóxico →

As ideas: Ser
As cousas: cambio

Aristóteles: Hilemorfismo →

Forma: a esencia do ser.
Materia: o substrato (cambio)

- d) **Parménides de Elea** (S. V a.C.) Naceu en Elea, colonia grega do sur da Magna Grecia (Italia). Coa obra de Parménides a reflexión física ou matemática sobre a natureza convértese en metafísica, en reflexión sobre o ser. *Só existe realmente o que permanece sempre idéntico a si mesmo: o ser*, e non está suxeito ao cambio: **non ser**. Só o que é con fundamento, o ser, pode ademais ser obxecto de verdadeiro coñecemento. A Parménides xa non lle interesa o testemuño dos sentidos nin o cambio, senón as ideas da razón. A razón descobre pois que o ser necesariamente é eterno e inmutable; o cambio non é máis que unha aparencia; pero máis aló das aparencias coas que se presenta todo o que é, tivo que ser sempre, e seguirá a ser tamén sempre o mesmo (o ser primixenio ou a materia última na que todo consiste é eterno e idéntico a si mesmo). Isto é o que descobre a razón e que quedaba oculto tralas aparencias dos cambios observados polos sentidos. O ser é un, eterno, indivisible, imperecedeiro, limitado e inxendrado.
- e) **Os Pluralistas**. Reciben este nome por propoñer a existencia dunha pluralidade de principios explicativos da natureza¹.
- **Empédocles de Agrigento**. (494 a.C) Para Empédocles os permanentes estados de cambio que se dan na natureza redúcense a unha continua mestura e separación de 4 elementos: aire, auga, terra e lume. As múltiples combinacións dos elementos dan lugar aos diferentes estados naturais e aos seres animados e inanimados. Á súa vez estas catro raíces de todas as cousas, están suxeitas nas súas mesturas a dúas forzas cósmicas opostas: o amor (philia) que tende a unilas e a discordia (neikos) que tende a separalas nun interminable ciclo cósmico.
 - **Anaxágoras de Clazomene**. (500 a.C) Calquera ser da natureza está composto por mesturas proporcionais e variables dunhas partículas elementais, primeiros principios da materia, ás que denominou sementes (spermata). As sementes son ilimitadas no seu número e diferentes segundo a calidade material da que están compostas. As innumerables mesturas están suxeitas a unha orde externa, a unha Intelixencia ou **nous**, principio racional deses cambios.
 - **Demócrito de Abdera** (460 a.C.) (e os atomistas). Para Demócrito todo ser natural está formado por un número determinado de partículas elementais, simples e non perceptibles, ás que chamou **átomos**, que literalmente significa indivisibles. Os átomos son elementos materiais eternos, inmutables e indestrutibles (calidades do ser de Parménides) Todos son cualitativa mente iguais, pero diferéncianse pola súa forma, posición, peso ou cohesión. O cambio (Heráclito) resulta do perpetuo movemento dos átomos no baleiro. Os átomos móvense espontaneamente, sen que exista unha forza ordenadora, interna ou externa, que dirixa a orde das agregacións. O movemento dos átomos no baleiro non está suxeito a finalidade ningunha, **é un mero azar**.

¹ Así pretenden explicar os cambios que se observan na natureza (o constante fluír da natureza, destacado por Heráclito), mantendo a esixencia lóxica do razoamento de Parménides de que o ser é eterno e esencialmente inmutable

3. O século V a.C. : o esplendor de Atenas

3.1 A democracia ateniense: Pericles e Aspasia de Mileto

Atenas achégase ó seu máximo esplendor político e cultural no século V a.C., e foi chamado o século de **Pericles**. Este estratega, político e orador ateniense, soubo rodearse das personalidades máis destacadas do momento, filósofos, arquitectos, dramaturgos, etc., fomentou as artes e as letras, e impulsou a instauración da democracia en Atenas, o que deu a Atenas un esplendor que non se repetiu na súa historia. Por esta razón este período foi chamado o Século de Ouro ateniense, cenit da Grecia clásica.

Aspasia de Mileto. Mestra de retórica, filósofa e oradora naceu en Mileto (Turquía) no 470 a.C. e morreu en Atenas no 400 a.C.. Foi muller de Pericles e tivo un fillo chamado Pericles o novo. Recibiu unha boa educación, lía obras de poetas e filósofos, especialmente a Pitágoras. Nos círculos sociais de Atenas, Aspasia facíase notar pola súa capacidade retórica.

Segundo Plutarco, a súa casa era un centro intelectual de Atenas, e asistían destacados escritores e pensadores, entre os que cabe destacar ao propio Sócrates. Isto levouna a ser recoñecida e admirada pola intelectualidade da época. Referente á súa formación, hai algunha controversia, pero a maioría dos historiadores consideran que debeu adquirila en Mileto, xa que os nenos e nenas na Xonia convivían na escola pública e compartían esta aprendizaxe en situación de igualdade, e asistían, homes e mulleres, a círculos culturais e a actos políticos, o que en Atenas era impensable, xa que o rol social das esposas na Polis, estaba restrinxido ó ámbito doméstico.




Ilustración 2 Pericles




Ilustración 3 Aspasia

3.2 Os Sofistas: a reflexión sobre o individuo e a cidadanía. A Ilustración Grega

Os **presocráticos** centraron a súa reflexión na **physis**, na **natureza**, e por isto ese período denomínase **cosmolóxico**, pero arredor a metade do século V a.C. a preocupación pasou a ser o **home e a sociedade** na que vive; o que supuxo un **xiro antropolóxico** no obxecto da reflexión filosófica. Os debates xiran agora arredor das **cuestións éticas e políticas**, máis que sobre a natureza.

O período democrático de Atenas entre os séculos VI a.C. e a invasión macedonia no 322 a.C. propiciou o debate político e o exercicio dunha democracia directa e asemblearia, na que a capacidade de oratoria era un valor recoñecido e útil. Neste contexto, apareceu na gracia Clásica a figura do “mestre” da retórica, a arte de falar en público, e tamén poesía e a ensinanza das leis. Este papel lévano a cabo os Sofistas, sabios estranxeiros, cultos e coñecedores – gracias as súas viaxes – das diversas formas de pensar e vivir dos demais gregos. O fin das ensinanzas dos sofistas tiñan un fin práctico, para saber desenvolverse nos asuntos públicos. E foron os primeiros que cobraron pola súa actividade, o que lles levou a ser criticados por numerosos filósofos (que como aristócratas ou con escravos o seu servizo, vían o traballo remunerado como algo pouco loable). A súa influencia será grande e apréciase en autores como Eurípides, Heródoto e Tucídides. Mentres, Sófocles e Aristófanes criticáranos e ríranse deles. Sócrates criticará o seu relativismo e escepticismo, por considerar que non buscaban a verdade, senón a “utilidade” das

súas ensinanzas. Non formaron escola nin defenderon unha doutrina común. O seu saber, como xa dixemos, tiña un sentido práctico, e non especulativo. Sen embargo na actualidade, os sofistas son considerados os creadores en Atenas dun movemento de difusión cultural que mereceu o nome de “*Ilustración Grega*”.

As causas do xurdimento da sofística son múltiples. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- a) A evolución política da polis ateniense cara á democracia supón a extensión dun novo valor: o éxito social. Todos poden aspirar ao éxito en función dos seus méritos e capacidades. Os sofistas eran os mestres capaces de ensinar aos atenienses os medios precisos para logralo. Ensinaban a persuadir mediante a linguaxe - a retórica -, concibida como técnica para manexar opinións e influír na vida política. Ensinaban tamén a arte de argumentar: a dialéctica.
- b) O notable progreso cultural da polis ateniense - ilustración grega - comporta novas necesidades educativas e un interese polos asuntos ético-políticos. En Atenas non hai tradición educativa organizada (centros de ensinanza, sistema educativo, titulacións) polo que os sofistas ocupan ese baleiro institucional na cultura grega.
- c) O desenvolvemento das sucesivas cosmoloxías presocráticas concluíra no maior dos desacordos en torno ao problema da natureza e do cambio (Heráclito/Parménides). Isto suporá un abandono paulatino por parte da filosofía dos temas físicos e paralelamente un achegamento aos temas relacionados co ser humano (xiro antropolóxico da filosofía grega).

Os dous sofistas máis coñecidos son **Gorgias** e **Protágoras**. As características principais do pensamento da sofística son:

- a) **O interese polos problemas humanos:** fronte ás preocupacións cosmolóxicas dos presocráticos, os sofistas centrarán a ocupación filosófica no ser humano. Abordarán o problema do coñecemento e diferentes temas éticos e políticos.
- b) **O relativismo:** non existe nin é posible a unanimidade en cuestións éticas e políticas. Tampouco hai ideas, crenzas ou valores definitivos. **Ideas e crenzas teñen un valor relativo que depende do suxeito**, das súas limitadas facultades de coñecer, das súas capacidades individuais **e tamén do marco social en que vive**.
Protágoras: “*O home é a medida de todas as cousas; das que son, en canto son, e das que non son, en canto non son*” (Fr.1)
- c) **O escepticismo:** con respecto ao coñecemento **non hai seguridade de certeza** completa. A razón humana é imperfecta e non pode distinguir con precisión entre o que é e o que non é verdadeiro.
Gorgias: “*Nada existe, se algo existira non podería ser coñecido polo home, e si puidera ser coñecido, non podería ser comunicado*”.
- d) **O utilitarismo:** o **criterio de verdade** para o home é soamente **práctico**; debe estar baseado no interese individual, no éxito social ou no que resulta útil á sociedade.
- e) **O convencionalismo ético-político.** os sofistas son os primeiros en distinguir entre **Physis e Nomos**, entre **natureza e convención**. As leis que rexen a vida social e as normas morais non proceden dun suposto orde natural ou dunha natureza humana permanente, senón que son convencións de carácter histórico que os homes establecen para o bo funcionamento das institucións sociais. Non podemos cambiar as leis naturais, pero si as leis da sociedade. A lei é, polo tanto, non algo baseado na natureza, senón na “invención” dos lexisladores.



Hipias de Elis non so consideraba que a lei era convencional, senón tamén contraria á natureza, polo que reclamaba a rebelión contra as leis, que sempre oprimen ós máis débiles.

3.3 Sócrates: o compromiso coa *Polis*

Si os sofistas eran estranxeiros, Sócrates era ateniense (470/399 a.C.). Pertencía a unha familia modesta (seu pai era escultor e súa nai comadrea), e nunca quixo dedicarse a política.

Sócrates non deixou obra escrita, polo que temos que recorrer ás denominadas fontes socráticas para informarnos sobre a súa biografía e pensamento: Aristófanes, Xenofonte, e sobre todo Platón (os seus Diálogos teñen a Sócrates, mestre e amigo como o personaxe central), e tamén Aristóteles.




Ilustración 4 Sócrates

Aínda que se lle podía considerar como un sofista máis, como fixo Aristófanes, Platón, no seu diálogo sobre *A apoloxía de Sócrates*, preséntao con resgos diferenciados. Non escribe libros, renuncia á oratoria, non cobra polos seus servizos, e non presume de sabedoría.

Sócrates é un home que busca a verdade. Adica toda a súa actividade a “examinarse a sí mesmo e ós demais” acerca do ben da alma, a xustiza e a virtude, pensando que “a vida sen tal xénero de exame non merece a pena ser vivida”. Isto lévao a dicir: “solo sei que non sei nada”. Esta actitude de humildade considera o principio do camiño cara a sabedoría.

Sócrates non simpatizaba demasiado coa democracia e fora mestre de Alcibíades e de Crítias, o máis violento dos oligarcas, levouno a ser acusado de impío diante do tribunal dos Quinientos, sendo condenado a morte. Aínda que se lle ofreceu a posibilidade de fuxir e exiliarse, renunciou a isto, por respecto a Lei de Atenas, que el sempre defendera, e el mesmo executou a condena bebendo cicuta. Este proceso foi o que levou ó seu discípulo Platón, a renegar da democracia e buscar un ideal político que evitara outra condena tan inxusta coma esta.

Os principios básicos da súa filosofía son os seguintes:

- a) Considerou que as cuestións físicas non son o obxecto propio da investigación filosófica. O seu pensamento centrouse nos temas e problemas humanos, sobre todo éticos e políticos, en liña cos Sofistas: *“nada me ensinan a terra e as árbores, senón os homes na cidade”* (Fedro, 230d).
- b) Sócrates entende a **filosofía como unha busca colectiva mediante ó diálogo**. El non pretende posuír a verdade, nin encontrala por si so. Cada home posúe dentro de si unha parte da verdade, pero debe descubri-la coa axuda dos outros. Así se explican as partes do método socrático: a **ironía**, arte de facer preguntas tales que fagan descubrir ó outro a súa ignorancia. O que cree saber cae na conta – cercado polas preguntas de Sócrates – que non sabe nada. Entón empeza o seguinte paso: a **maieútica** (arte da comadrea, por alusión ao oficio da súa nai), consistente na arte de facer preguntas hasta que o interlocutor chega a descubrir a verdade por **si mesmo**. Este método pode considerarse o inicio do método dialéctico (arte da argumentación mediante contraposición de ideas nun permanente diálogo) que máis tarde adoptaría como método filosófico o seu discípulo Platón, quen escribe todas as súas obras en forma de diálogos, nos que o protagonista é o propio

Sócrates, xunto con outros sofistas, e que nun proceso de debate argumentativo van ascendo cara un coñecemento seguro e universal.

- c) Segundo Aristóteles *“dúas cousas se poden atribuír a Sócrates: os razoamentos indutivos e a definición do universal; e ambas refírense ó principio da ciencia”* (Metafísica, 13,4,1078) Fundou a teoría do **concepto como definición xeral – que debe encerrar a esencia** inmutable da realidade investigada. A súa búsqueda das definicións que limitada só a cuestións éticas e políticas, para construír unha ciencia obxectiva do ser humano, un saber verdadeiro, oposto a crenzas e opinións individuais e relativistas. O concepto, universal e permanente, explica e asume os casos concretos aos que se refire. Así, o concepto de xustiza comprende, é dicir, abrangue e confire sentido a todos os exemplos particulares en que se presenta esta virtude, sexan individuais (accións do home xusto) ou sociais (promulgación de leis xustas). Tales definicións universais das esencia dos valores morais son resultado de **razoamentos indutivos**.
- d) Por último, o pensamento de Sócrates supón un rexeitamento radical do relativismo e escepticismo dos sofistas porque mantén que **é posible unha ciencia obxectiva do ser humano**. Tamén se opón ao convencionalismo porque defende que o fin último da sabedoría é o coñecemento da verdade, e defende a existencia dunha **idea universal do ben e a xustiza**. Este ideal da universalidade dos valores e normas morais segue presente nos nosos días no proxecto dunha **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**, que se sustenta neste presuposto socrático. No ámbito da ética, Sócrates formulou o **intelectualismo moral**. Esta é unha tese ética que identifica **saber e virtude**. Dende este punto de vista, quen actúa incorrectamente (fai o mal) faino por descoñecemento ou ignorancia, non por maldade. Platón recolle esta visión do seu mestre e lévao ao ámbito político: para que unha sociedade sexa xusta debemos educar (ensinar) aos homes na xustiza.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Morte de Sócrates	Autoría: Jacques-Louis David (Francia 1787). Licencia: Dominio público. Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/S%C3%B3crates#/media/Archivo:David_-_The_Death_of_Socrates.jpg
Ilustración 2. Busto de Pericles	Autoría: Foto Jastrow (2006) Museo do Vaticano Licencia: Dominio Público Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Pericles_Pio-Clementino_Inv269_n2.jpg
Ilustración 3. Busto de Aspasia	Autoría: Foto de Daigaz . Museo de Pergamo (Berlín) Licencia: CC. Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Aspasie_-_Mus%C3%A9e_de_Pergame_-_Berlin.jpg
Ilustración 4. Busto de Sócrates	Autoría: Eric Gaba (2005) Museo del Louvre Licencia: CC. Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Socrate_du_Louvre.jpg